

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE MARZO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Presidencia a Álvaro Pérez López.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Emigración a Antonio Rodríguez Miranda.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral da Igualdade a Susana López Abella.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Administración Local a Marta Fernández-Tapias Núñez.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Coruña a Ovidio Rodeiro Tato.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Lugo a José Manuel Balseiro Orol.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta en Ourense a Marisol Díaz Mouteira.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Pontevedra a José Manuel Cores Tourís.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta en Vigo a Corina Porro Martínez.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto construción: "Itinerario peonil e ciclista na AC-552. Treito: Carballo-Coristanco. PP.KK. 32+620-



34 + 400", de clave: AC/16/082.06, nos concellos de Carballo e Coristanco (A Coruña).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria a Borja Vereas Fraiz.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se nomea directora de Turismo de Galicia a María Nava Castro Domínguez.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se nomea director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias a Silvestre José Balseiros Guinarte.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba a Instrución acerca da execución dos contratos de obra da Xunta de Galicia ante a situación provocada polo COVID-19.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada "Mellora da capacidade e seguridade da AC-862. Treito AG-64-Ponte Mera. PP.KK. 17 + 500-35 + 000", clave: AC/18/014.10.1, por importe de seis millóns catrocentos setenta e un mil novecentos noventa e cinco euros con trinta e oito céntimos (6.471.995,38€) e un valor estimado de cinco millóns trescentos corenta e oito mil setecentos cincuenta e seis euros con cincuenta e un céntimos (5.348.756,51€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade da Coruña para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de oito mil catrocentos euros (8.400€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de dezasete mil catrocentos euros (17.400€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Ribeira para a construción do novo auditorio municipal de Ribeira, por un importe total de catrocentos mil euros (400.000€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Salvaterra de Miño para a rehabilitación do edificio municipal para destinalo á Casa da Música, por un importe total de trescentos mil euros (300.000€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, o Cabildo do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela e a Fundación Catedral de Santiago para o desenvolvemento e execución das actuacións de conservación e reparación de diversos paramentos e sistemas construtivos da Catedral de Santiago, por un importe de setecentos cincuenta mil euros (750.000€), e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía nos pagos a conta.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de Decreto polo que se regulan os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para a xestión da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19.



- Informe sobre os recursos e Plan de reforzo para vítimas da violencia de xénero ante o estado de alarma ocasionado polo COVID-19.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as medidas adoptadas para apoiar ao tecido económico, especialmente a autónomos e pemes, durante a situación para a xestión da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre os plans para a reactivación e impulso das industrias turísticas e creativas durante a emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan de investimentos COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de cincuenta e un millóns cincocentos mil oitocentos un euros (51.500.801€).
- Informe polo que se dá conta da tramitación polo procedemento de emerxencia do expediente de contratación de "Subministración de ventiladores volumétricos e un equipo portátil de raios X para hospitais así como a instalación de biombos nos mostradores de atención ao público dos centros do Servizo Galego de Saúde", por un importe aproximado dun millón douscentos trinta e dous mil oitocentos seis euros con sesenta e nove céntimos (1.232.806,69€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Plan social de continxencia habilitado para a xestión da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE VARIOS ALTOS CARGOS

O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos de nomeamento de varios altos cargos do Goberno autonómico.

Os decretos recollen os nomeamentos de Álvaro Pérez López como secretario xeral da Presidencia; de Antonio Rodríguez Miranda como secretario xeral da Emigración; de Susana López Abella como secretaria xeral da Igualdade; de Marta Fernández-Tapias Núñez como directora xeral de Administración Local; de Ovidio Rodeiro Tato como delegado territorial da Xunta na Coruña; de José Manuel Balseiro Orol como delegado territorial da Xunta en Lugo; de Marisol Díaz Mouteira como delegada territorial da Xunta en Ourense; de José Manuel Cores Tourís como delegado territorial da Xunta en Pontevedra; e de Corina Porro Martínez como delegada territorial da Xunta en Vigo.

Así mesmo, os nomeamentos de Borja Vereza Fraiz como secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria; de María Nava Castro Domínguez como directora de Turismo de Galicia; e de Silvestre José Balseiros Guinarte como director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA QUE UNIRÁ OS NÚCLEOS DE CARBALLO E CORISTANCO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 MILLÓN DE EUROS

- *Trátase dun itinerario de uso mixto que permita compatibilizar a seguridade viaria de todos os seus usuarios, con especial atención aos máis vulnerables das estradas*
- *Tras o acordo do Executivo autonómico, e unha vez se levante o estado de alarma, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará os trámites para convocar o levantamento de actas previas das expropiacións*
- *O itinerario se executará en dous tramos da estrada e estará separada da calzada por dous bordos e unha franxa verde de largura variable, dando continuidade ás beirarrúas existentes en Carballo ata as do lugar de Montecelo en Coristanco*
- *Esta actuación completará o Plan de Sendas de Galicia na comarca de Bergantiños, que contará cun total de 7 itinerarios que suman 11 km e un orzamento de preto de 5 millóns de euros*
- *Na actualidade 5 destas sendas están xa terminadas e atópase en execución a senda de Laxe na estrada AC-429*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto de itinerario peonil e ciclista na estrada AC-552, que unirá os núcleos de Carballo e Coristanco.

O orzamento estimado polo Goberno galego para esta intervención ascende a máis de 1 millón de euros, aos que se engaden uns 63.000 euros para o pagamento das expropiacións dos 95 predios necesarios para esta actuación.

Este proxecto ten por obxecto a construción dun itinerario de uso compartido que permita a circulación de peóns e ciclistas non deportivos nesta estrada, entre os puntos quilométricos 32+620 e 34+400, dando continuidade ás beirarrúas existentes no núcleo de Carballo ata as beirarrúas existentes no lugar de Montecelo no concello de Coristanco.

A consellería de Infraestruturas e Mobilidade, unha vez se levante o estado de alarma, iniciará os trámites para convocar o levantamento de actas previas das expropiacións.

Este nova senda na comarca de Bergantiños ten por obxecto a construción dunha senda que permita compatibilizar a seguridade viaria de todos os seus usuarios, con especial atención aos máis vulnerables das estradas. O proxecto comprende dous treitos de actuación.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En ambos casos, a largura da senda proxectada é de 2,5 metros, e vai separada da calzada por dous bordos de 22 centímetros de largura e unha franxa verde de largura variable en función da superficie dispoñible; sobreelevada 3 centímetros respecto da rasante da calzada nas zonas non urbanas e 10 centímetros en zonas urbanas.

Na marxe dereita desta estrada, actuarase entre os puntos quilométricos 32+620 e 33+180, comunicando a beirarrúa existente no núcleo de Carballo coa vía de acceso á factoría de Calvo que conecta a vía autonómica á altura do punto quilométrico 33+200.

Na marxe esquerda da AC-552 a intervención esténdese entre os puntos quilométricos 32+620 e 34+400, comunicando neste caso as beirarrúas existentes no núcleo de Carballo e o lugar de Montecelo (Coristanco), continuando a beirarrúa pola marxe dereita ata o núcleo de Coristanco.

Nesta actuación do departamento de Infraestruturas da Xunta inclúese ademais da pavimentación da senda, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a execución da obra civil dalgúns servizos en coordinación coa renovación de canalizacións de telecomunicacións e alumeados que está a executar a entidade local.

Esta actuación está enmarcada no Plan de Sendas de Galicia, cofinanciado con Fondos Feder 2014-2020, na comarca de Bergantiños que contará cun total de 7 itinerarios que suman 11 km e un orzamento de preto de 5 millóns de euros.

Na actualidade 5 destas sendas están xa terminadas e atópase en execución a senda de Laxe na estrada AC-429. Coa senda cuxas expropiacións autoriza hoxe o Goberno galego, complétase a planificación do Plan de Sendas de Galicia na comarca de Bergantiños.

AS OBRAS CONTRATADAS POLA XUNTA PODERÁN CONTINUAR A SÚA EXECUCIÓN PERO DEBERÁN SEGUIR AS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe as instrucións sobre os contratos de obra da Xunta ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus*
- *A implementación das medidas de seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias será responsabilidade das empresas contratistas e estas serán trasladadas aos coordinadores de seguridade das obras*
- *Estas instrucións teñen por finalidade clarificar a situación nas obras públicas, unha necesidade contrastada nos contactos coa Federación Galega da Construción e cos colexios profesionais de enxeñeiros e arquitectos*

As obras en execución contratadas pola Xunta de Galicia poderán continuar a realización dos seus traballos, pero debendo seguir sempre as recomendacións das autoridades sanitarias ante a epidemia de coronavirus (COVID-19).

Así se recolle nas instrucións aprobadas hoxe polo consello da Xunta en relación aos contratos de obra da Administración autonómica, e de acordo tanto ás distintas resolucións ditadas en Galicia como ao Real Decreto do Estado de Alarma. No mesmo documento recóllese que a implementación das medidas de seguridade será responsabilidade das empresas contratistas e estas deberán ser trasladadas aos coordinadores de seguridade das obras.

Tal e como se recolle no Real Decreto, esta suspensión non sería causa de resolución do contrato e, durante o tempo de suspensión, abonaríanse os danos e prexuízos efectivamente ocasionados. Ademais, en caso de suspensión, deberanse adoptar as medidas necesarias para o aseguramento das obras, co fin de que non haxa riscos para terceiros ou para a propia obra. Do mesmo xeito, se se tratase de traballos en estradas, sinalizárase axeitadamente para garantir a circulación de vehículos e persoas.

Cómpre recordar que a actividade de construción non aparece identificada como actividade suspendida no anexo do Real Decreto 463/2020, no apartado sétimo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, e no acordo do 15 de marzo de 2020 do Centro de Coordinación Operativa.

De ser imposible a realización dos traballos, ben porque as restricións vixentes afectan ao desenvolvemento da obra ou porque fora imposible realizar o proceso construtivo con as debidas garantías sanitarias para os traballadores, será posible solicitar a suspensión das obras á Administración.

Outras consideracións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais de garantir as medidas de seguridade e definir, de ser o caso, os supostos para a suspensión, as instrucións ditadas hoxe tamén inciden na debida precaución a ter en conta cando se vaian acometer traballos que impliquen grandes alteracións. Así, nos casos nos que estea previsto acometer tarefas con afeccións de longa duración ou cuxa paralización sexa complicada despois de iniciadas, estas deberán ser avaliadas previamente, antes de acometerse, pola empresa e a dirección de obra.

Por outra banda, cómpre recordar que os procedementos administrativos de contratación que tivesen un prazo de remate fixado quedarán tamén afectados pola suspensión de prazos establecida no Real Decreto, que se reanudará unha vez finalizada a situación. Nese momento, axustaranse as novas datas de finalización do prazo.

Se ben con carácter xeral queda interrompida a tramitación dos expedientes de contratación, aqueles nos que se xustifique a súa estreita relación cos feitos xustificativos do estado de alarma ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou funcionamento dos servizos públicos, poderán continuar a súa tramitación ata o momento previo á sinatura de acta de comprobación do replanteo. Ademais, nestes casos, e se as circunstancias o permiten, tamén será posible asinar a acta de comprobación e comezar a execución dos traballos.

Estas instrucións teñen por finalidade clarificar a situación nas obras públicas, unha necesidade contrastada nos contactos coa Federación Galega da Construción e cos colexios profesionais de enxeñeiros e arquitectos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6,47 MILLÓNS DE EUROS NA 1ª FASE DO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA QUE UNE A AUTOVÍA FERROL-VILALBA E ORTIGUEIRA

- *A intervención impulsada polo Goberno galego supón un investimento autonómico de máis de 7,1 millóns de euros, nos que se inclúen uns 677.000 para o pagamento das expropiacións dos 178 predios necesarios para executalas*
- *Actuarase no treito comprendido entre o acceso á AG-64 en San Sadurniño, e Ponte Mera, en Ortigueira, pasando polos concellos de Moeche e Cerdido*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé a licitación das obras para as vindeiras semanas*
- *As obras inclúen a rectificación de curvas, a ampliación da calzada e a dotación de 3º carril de adiantamento en 3,8 km, así como a mellora do carril adicional actual en sentido Ferrol*
- *Estas obras enmárcase no conxunto de proxectos para mellorar as estradas das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal levados a cabo polo Goberno galego*
- *Están xa en licitación as obras de mellora da estrada Valdoviño-Cedeira*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe o gasto para a contratación das obras da 1ª fase de mellora da capacidade e seguridade da estrada AC-862, que une a autovía Ferrol-Vilalba e Ortigueira.

O orzamento estimado para executar estas obras impulsada polo Goberno galego supera os 6,47 millóns de euros, aos que se engaden uns 677.000 para o pagamento das expropiacións dos 178 predios necesarios para a mellora da estrada de Ortigueira.

Trátase do acondicionamento do treito comprendido entre a AG-64 e Ponte Mera, ao seu paso polos concellos de San Sadurniño, Moeche e Cerdido. Esta autorización prodúcese tras aprobar a semana pasado o Executivo autonómico o Decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar estas obras.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé licitar as obras nas vindeiras semanas. Unha vez se levante o decretado estado de alarma iniciaranse os trámites para convocar o levantamento de actas previas.

En total, nesta primeira fase habilitarase un terceiro carril de adiantamento ao longo de 3,8 km, ademais de mellorar o carril adicional actual existente en sentido Ferrol.

A actuación iníciase no punto quilométrico 17+500, unha vez superado o núcleo de San Sadurniño e tras deixar atrás o enlace coa AG-64.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As principais intervencións proxectadas son a corrección de trazados nos treitos curvos, mellora e redeseño das interseccións existentes de ser posible e o encaixe e dimensionamento de carrís lentos, naqueles treitos onde é viable. Tamén se prevé a revisión e acondicionamento da sinalización vertical e horizontal e o análise dos xiros á esquerda e da seguridade viaria.

En concreto, as accións comezarán pola execución dun carril adicional sobre a calzada existente entre os puntos quilométricos 17+700 e 19+960, e a rectificación do trazado e construción dun carril adicional dos puntos 29+000 ata o 29+970.

Ademais, entre os puntos quilométricos 30+260 e 31+440, as obras darán continuidade ao treito anterior coa rectificación do trazado e engadindo un carril de adiantamento, completándose a intervención coa rectificación da curva situada entre os puntos quilométricos 34+380 e 34+924.

Cómpre sinalar que, tralo período de información pública e en base ás alegacións recibidas, neste proxecto decidiuse non incluír a glorieta do punto quilométrico 24+150, que no seu caso será obxecto dunha actuación independente.

Para a segunda fase, cuxo proxecto está en redacción, resérvanse as actuacións a executar entre os puntos quilométricos 37+340 e 42+380.

Esta actuación enmárcase no conxunto de proxectos para mellorar as estradas das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal levados a cabo polo Goberno galego e prodúcese tras a licitación as obras de mellora da estrada Valdoviño-Cedeira.



A XUNTA E AS UNIVERSIDADES DE VIGO E DA CORUÑA SUMAN FORZAS PARA CONTINUAR O LABOR DE INVESTIGACIÓN NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- *O Goberno galego achegará preto de 21.000 euros para senllos convenios de colaboración que permitirán a continuación de proxectos sobre a historia de Galicia nos ámbitos lingüístico, literario e antropolóxico*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de senllos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e as Universidades de Vigo e da Coruña para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH). A colaboración da Administración autonómica para os dous acordos ascende a preto de 21.000 euros.

O obxectivo de ambos acordos é levar a cabo o estudo filolóxico e a conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas que permitan unha investigación profunda da historia de Galicia nestes ámbitos.

Así, o convenio coa Universidade de Vigo dará continuidade ao desenvolvemento das actividades do programa de investigación que se están levando a cabo no CRPIH e que se centrarán en dúas accións. A primeira destínase á obtención de recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala e a segunda enfócase no desenvolvemento de novas capacidades para mellorar os procesos de aprendizaxe automática ligados, un proxecto que leva por nome *Etiquetador-lematizador para o galego actual*. O importe total do convenio coa Universidade de Vigo é de 17.400 euros, dos que a Xunta achegará 13.700 nos anos 2020 e 2021.

Na Universidade de Coruña tamén se continuará o traballo no proxecto *Etiquetador-lematizador para o galego actual*. Neste caso, o importe do convenio ascende a 8.400 euros, e a Administración autonómica aportará 7.200 tamén para os anos 2020 e 2021.

Centro Ramón Piñeiro

Este organismo dependente da Xunta de Galicia ocúpase de levar adiante e de difundir proxectos de investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica centrados en Galicia. Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva desde un punto de vista antropolóxico.

Desde a súa creación hai case 27 anos, pasaron polos 20 proxectos que ten en marcha o Ramón Piñeiro arredor de 500 investigadores, tanto bolseiros galegos que se formaron participando nos seus proxectos coma outros estranxeiros de estada durante un trimestre para desenvolver traballos de investigación propios baixo o asesoramento dos seus directores. Moitos destes son hoxe doutores, profesores universitarios ou docentes



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

no ensino medio que, desde os postos actuais, continúan a ofrecer importantes contribucións ao coñecemento sobre a lingua e a literatura galegas.



A XUNTA INVESTIRÁ 400.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN NOVO AUDITORIO EN RIBEIRA QUE DARÁ SERVIZO A TODO O BARBANZA

- *O futuro edificio contará cunha sala principal cun aforo de 512 persoas que exercerá como auditorio, sala de usos múltiples ou salón de teatro*
- *A través desta infraestrutura, o municipio disporá dunha dotación adaptada a unha poboación de 28.000 habitantes e cabeceira de comarca*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración co Concello de Ribeira polo cal o Goberno galego investirá 400.000 euros nos próximos tres anos para a construción dun novo auditorio neste concello que dará servizo a toda a comarca do Barbanza. A través desta infraestrutura, Ribeira disporá dunha dotación acorde coa súa poboación, de máis de 28.000 habitantes, que servirá de punto de encontro sociocultural para todos os cidadáns da contorna.

O futuro edificio contará cunha sala principal cun aforo de 512 persoas que exercerá como auditorio, sala de usos múltiples ou sala de teatro, que posibilitará a realización de actividades de dramaturxia, concertos, recitais ou conferencias. Disporá, ademais, dunha sala adicional independente para usos variados que requiran menor espazo e albergará unha sala de ensaios que comunicará directamente co escenario.

Para o deseño desta infraestrutura formulouse un procedemento de contratación baixo a modalidade de concurso de ideas, co fin de concibir unha proposta singular e funcional, en sintonía coas liñas arquitectónicas do novo mercado municipal ou da nova lonxa. Preténdese, así mesmo, completar a actuación co tratamento dunha área verde contigua para favorecer a integración do novo edificio co espazo público, creando así un ámbito social no corazón do núcleo urbano, destinado ao lecer dos cidadáns que evitará a necesidade de viaxar a outros municipios para esta finalidade e favorecerá a integración de barrios periféricos no espazo urbano.

O presente convenio realízase de acordo á planificación estratéxica efectuada pola Xunta para acometer actuacións con fins culturais da man de concellos, asociacións, fundacións e entidades culturais, no ámbito da promoción e a difusión da cultura. As propostas do plan enmárcanse en cinco liñas de actuación, entre as que figura a liña de melloras e equipamentos culturais, primando aquelas que chegan a un maior número de usuarios.

A XUNTA REHABILITARÁ A CASA DO POBO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA DESTINALA Á CASA DA MÚSICA

- *Investirá 300.000 euros na posta en marcha deste proxecto, un servizo moi demandado polos veciños e de gran interese social, dada a tradición musical da localidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio co Concello de Salvaterra de Miño polo que se rehabilitará a Casa do Pobo para destinala á Casa da Música, un servizo moi demandado e de gran interese social no que a Administración autonómica investirá 300.000 euros en 2020 e 2021.

A falta dun emprazamento axeitado na actualidade para impartir formación musical nas condicións necesarias nesta localidade, a Xunta colaborará con este proxecto co que o inmovible recuperará a súa utilidade orixinal e pasará a ser un eixo fundamental da vida formativa dos veciños.

Trátase dun edificio cunha importante carga simbólica que presenta un grave deterioro, o que impide o uso das súas instalacións polo risco de derrube. A planta baixa e a superior contan cunha superficie de 266 metros cadrados cada unha, espazos que se adaptarán para acoller un centro de formación en ensinanzas musicais.

Para iso, o edificio reformarase de xeito integral, establecéndose a zona de administración na planta baixa e unha sala polivalente para ensaios colectivos e funcións. Na planta alta está prevista a instalación de aulas para impartir formación teórica e práctica. Así mesmo, engadirase un novo núcleo ao edificio, o que permitirá a colocación de ascensores e baños.

O inmovible, datado de 1925, acolleu a Sociedade Unión Progresista do Distrito de Bos Aires e anos despois albergou a Casa do Pobo co propósito de dotar ao municipio dun emprazamento onde realizar conferencias, facer exposicións e instalar unha escola de artes e oficios.

Cómpre destacar que o concello de Salvaterra de Miño ten unha gran tradición musical, e conta con numerosas agrupacións tanto folclóricas como de música clásica que, xunto coa Banda de Música de Salvaterra, implican a centos de veciños na aprendizaxe da música.

A XUNTA DE GALICIA DÁ LÚZ VERDE ÁS OBRAS DE REMATE DA CATEDRAL DE SANTIAGO COA VISTA POSTA NO XACOBEO 2021

- *O Goberno galego investirá 750.000 euros a través dun convenio de colaboración para levar a cabo actuacións na fachada á rúa Fonseca, na torre do relox, na cuberta da capela da Comuñón e nas capelas penitenciais e absidais*
- *Esta nova achega súmase aos máis de 17 M€ investidos nestes últimos anos ao abeiro dos convenios levados a cabo entre o Goberno do Estado, a Xunta de Galicia, o Arcebispo de Santiago e a Fundación Catedral*
- *Todas as actuacións forman parte dunha estratexia integral de intervencións fixada no ano 2009, cando a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aprobou o Plan Director do Conxunto Catedralicio*

A Xunta de Galicia renova o seu compromiso coa conservación do patrimonio cultural galego e coa Catedral de Santiago de Compostela tras autorizar hoxe o Consello a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, o Cabido catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago, para o desenvolvemento e execución das actuacións que permitirán concluír as actuacións precisas para que o templo compostelán estea en condicións óptimas durante o próximo Xacobeo 2021.

Deste xeito, na antesala do Ano Santo, a Xunta e a Catedral de Santiago reforzan a súa colaboración cun acordo que suporá un novo investimento de 750.000 euros achegados integramente polo Goberno galego cos que se completan as obras de restauración realizadas nestes últimos anos ao abeiro dos convenios levados a cabo entre o Goberno do Estado, a Xunta de Galicia, o Cabido e a Fundación Catedral e que mobilizaron desde 2015 un investimento total de 17 M€.

O obxectivo deste convenio é dar unha resposta axeitada que permita garantir a conservación do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela, promovendo a súa funcionalidade e significación relixiosa e cultural, e poñendo en valor, impulsando e acrecentando a súa función cultural. Trátase tamén de manter e desenvolver, de forma sostible, os recursos e potencialidades que posúen o monumento. En concreto, no marco desta colaboración, actuarase nos seguintes ámbitos da Catedral: fachada á rúa Fonseca do edificio claustral, torre do relox, cuberta da capela da Comuñón e nas capelas penitenciais e absidais.

Para levar a cabo estes traballos, a Fundación Catedral, como entidade colaboradora, encargárase da licitación e contratación de todas as obras e proxectos incluídos no ámbito deste convenio e, en xeral, das actuacións derivadas do mesmo. Ademais, crearanse dúas comisións, unha executiva e outra de seguimento, para avaliar resultados e interpretar o cumprimento do presente convenio.

Ferramentas de aplicación do convenio

No caso da comisión executiva, cómpre destacar que o órgano estará composto por seis membros e que deberán reunirse, como mínimo, unha vez cada trimestre. Será este órgano quen se encargue de aprobar os proxectos, pregos e cronogramas de traballo ademais de autorizar as licitacións e as modificacións. Por outra banda, crearase tamén unha comisión de seguimento co fin de realizar o seguimento e avaliación de resultados, así como para a interpretación e cumprimento do presente convenio.

Coñecemento e conservación

Este novo acordo entre a Xunta de Galicia e a Catedral permitirá seguir avanzando no completo e ambicioso programa de conservación e restauración que se está a desenvolver no conxunto catedralicio desde o ano 2009, cando a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aprobou o Plan Director do Conxunto Catedralicio. Trátase de máis dunha década de traballo pautado e planificado, que aportou información moito máis exacta e real do ben, o que ampliou o coñecemento sobre os seus sistemas edilicios e a súa riqueza e alto interese cultural, e que sacou á luz novas patoloxías e necesidades sobre as que agora se actuará.

O convenio atende directamente ás necesidades de conservación da Catedral. Un dos monumentos máis representativos de Galicia e un elemento senlleiro do noso patrimonio cultural que forma parte da declaración de Patrimonio Mundial da Unesco tanto do Cidade Vella compostelá como dos Camiños de Santiago. O templo representa e materializa a meta e o destino final destas rutas e, polo tanto, o punto de chegada de centos de miles de peregrinos que, anualmente, percorren as rutas xacobeas desde calquera parte do mundo.



A XUNTA REGULARÁ O RÉXIME XURÍDICO E O REXISTRO DOS MONTES CONSERVADOS INDIVISOS PARA MELLORAR O SEU FUNCIONAMENTO E ADAPTALOS AOS NOVOS PARADIGMAS DE XESTIÓN FORESTAL

- *A iniciativa levarase a cabo a través dun decreto da Consellería do Medio Rural que regulará os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo*
- *Os copropietarios destes montes saberán exactamente como organizarse e como facer constar ante as administracións os usos e costumes das súas propiedades, así como os requisitos establecidos á hora de levar a cabo os correspondentes aproveitamentos e os referidos á xestión forestal*
- *O decreto establece que os montes conservados indivisos gozarán dos mesmos beneficios que os das agrupacións forestais de xestión conxunta, como prioridade nas ordes de axuda ou proposta de incentivos fiscais para os socios*
- *En 2018 contabilizábanse en Galicia 27 montes deste tipo, cunha superficie de 7.837 hectáreas*

A Xunta regulará o réxime xurídico e o rexistro dos montes conservados indivisos en Galicia para mellorar o seu funcionamento e adaptalos aos novos paradigmas de xestión forestal. Farao a través dun futuro decreto que rexerá os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, que coñeceu hoxe o Consello do Goberno galego como proxecto de acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto deste decreto.

O decreto aplicarase a todos os montes nos que a titularidade corresponde, en pro indiviso, a varias persoas, con independencia da súa denominación ou da súa maneira de constitución. Así, a copropiedade titular dun monte deste tipo terá personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar sobre o monte e os seus aproveitamentos, así como sobre a súa administración e disposición.

Esta norma dá resposta a unha demanda histórica para os montes de varas en Galicia, outorgando a seguridade xurídica da que deben dispor en materia de organización e funcionamento e regulando o rexistro administrativo que conterá a súa información básica. A normativa amosará a importancia que en determinadas zonas da comunidade teñen este tipo de propiedades forestais.

Segundo o Anuario de Estatística Forestal do ano 2018, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo en Galicia suman 27 montes cunha superficie de 7.837,18 hectáreas. Unicamente 6 distritos forestais dos 19 que hai en Galicia contaban con este tipo de propiedade forestal, sendo o distrito con máis montes o VII Fonsagrada–Os Ancares. O resto só teñen un ou dous como máximo, como é o caso do Distrito X Terra Chá.

O decreto establece que os montes que se manteñen indivisos gozarán dos mesmos beneficios que os pertencentes ás agrupacións forestais de xestión conxunta, como prioridade nas ordes de axuda ou proposta de incentivos fiscais para os socios. De ser o caso, a división das terras farase de acordo co costume e, se non existe, en función da presunción de igualdade de cotas referida no Código Civil. No caso de parcelas situadas dentro dunha copropiedade deste tipo ou lindeiras con ela, o dereito de adquisición preferente corresponderá ao resto de copropietarios.

En aplicación da Lei de montes de Galicia, o decreto fixa que haberá que investir na mellora dos montes abertais, de voces, de varas ou de fabeo un mínimo do 40% dos ingresos obtidos polos aproveitamentos dos montes, os derivados dos actos de disposición voluntaria ou os procedentes de expropiacións forzosas. Mentres, os ingresos obtidos nas partes da propiedade non esclarecida terán que investirse na súa totalidade.

O decreto tamén recolle que se fomentará a redacción de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, a xestión forestal sostible e a certificación desta xestión, mediante a silvicultura activa neste tipo de copropiedades. O obxectivo é que a riqueza derivada destes montes repercuta non só nas economías dos seus copropietarios senón tamén na recuperación e conservación da contorna en base a unha filosofía sustentable e de coidado do medio natural. Tamén se poderán incentivar fórmulas que promovan a constitución de agrupacións forestais de xestión conxunta.

Funcionamento

O decreto establece como órganos de goberno dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo a asemblea xeral e a xunta xestora. Así, a asemblea xeral será o órgano supremo de expresión da vontade da copropiedade titular destes montes e estará integrada por todas as persoas copropietarias coñecidas.

Entre outras funcións, esta asemblea xeral elixirá os membros da xunta xestora, que exercerán as súas funcións de goberno, xestión e representación por un período non superior a un ano.

A copropiedade titular redactará os estatutos correspondentes que, sendo a norma reguladora do seu funcionamento interno, recollerán os usos e costumes polos que se rexe a copropiedade e as previsións contidas no decreto.

Rexistro

A inscrición no Rexistro de montes de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo deberá solicitarse unha vez se constitúa a xunta xestora e se aprobe en asemblea a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

listaxe definitiva de persoas copropietarias coñecidas coa súa cota de participación, así como os estatutos.

As solicitudes dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural da provincia na que se sitúe maioritariamente o monte, obrigatoriamente por medios electrónicos. O centro directivo con competencias en materia de ordenación forestal será o competente para resolver sobre a inscrición no Rexistro, nun prazo máximo de tres meses.

Con este decreto a Xunta prosegue co desenvolvemento da Lei de montes de Galicia, que vén realizando a través de normas como o decreto polo que se crea e regula o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, xa publicado no DOG. Tamén mediante o decreto polo que se regulan o réxime xurídico das sociedades de fomento forestal e o seu rexistro -tamén publicado-, así como o dos aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes e terreos forestais de xestión privada, aprobado no Consello da Xunta o texto do proxecto de decreto para o seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.



A XUNTA CENTRA A SÚA ACCIÓN DE GOBERNO EN FREAR O CORONAVIRUS E PALIAR AS CONSECUCIÓNS PARA A CIDADANÍA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe que dá conta das distintas medidas acordadas para facer fronte á emerxencia sanitaria*
- *Habilitouse un número de atención gratuíto para consultar dúbidas, 900 400 116, e un autotest para consultar síntomas de forma individual*
- *Reforzouse o persoal que atende a liña 061 e o que atende o teléfono específico do coronavirus*
- *En materia social, desde a declaración de emerxencia sanitaria restrinxíronse as visitas en residencias e suspendéronse os novos ingresos nelas, ademais do peche de centros de día, escolas infantís e outros centros sociais*
- *Blindáronse os servizos especiais para a atención a persoas sen fogar e avogouse pola continuidade do Servizo de Axuda no Fogar*
- *Reforzáronse as ferramentas de ensino en liña para garantir a atención ao alumnado durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial*
- *Constituíuse un grupo de traballo con patronal e sindicatos para consensuar medidas e elaborouse unha guía de medidas preventivas para empresas*
- *Aprobouse un Protocolo para o persoal público e xeralizouse o teletraballo para evitar contaxios*
- *Reforzouse o teléfono de atención á cidadanía 012 para resolver as dúbidas relativas ás restricións vixentes polo estado de alarma*
- *Adoptáronse medidas para garantir os servizos esenciais de abastecemento e saneamento de auga e de conservación das estradas*
- *Reduciuse a oferta de transporte público polo menos nun 50% e limitouse a un terzo a ocupación dos autobuses*
- *Suspendéronse os permisos de pesca e accións de caza, así como as actividades no Parque Nacional Marítimo Terreste das Illas Atlánticas*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta das distintas medidas acordadas polos departamentos da Administración autonómica para facer fronte á xestión da emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus (COVID-19). O obxectivo é centrar a acción de goberno en frear a epidemia e paliar, na medida do posible e no ámbito das competencias autonómicas, as consecuencias que poidan supoñer as restricións vixentes no tecido económico e social, así como na cidadanía en xeral, nomeadamente nos colectivos máis vulnerables.

A evolución da enfermidade motivou que o 13 de marzo o Goberno autonómico aprobase o Acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria en Galicia e se activase o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego). En virtude deste último acordo, o presidente da Xunta asumiu todas as actividades de emerxencia e constituíuse o Centro de Coordinación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Operativa do Plan (Cecop) con representantes da Administración autonómica, Delegación do Goberno e Fegamp.

En paralelo, o 14 de marzo de 2020 entrou en vigor o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Ante esta situación, os distintos departamentos da Xunta foron tomando decisións para axudar á prevención da enfermidade en lugares públicos, reforzar a atención aos grupos de poboación máis vulnerables ou potenciar o teletraballo no ámbito da Administración pública para evitar contaxios entre o persoal público.

Prevención e coordinación sanitaria

A prevención, coordinación e comunicación son fundamentais para abordar as accións fronte ao coronavirus. Ao respecto, cómpre destacar que o conselleiro de Sanidade mantén reunións diarias cos conselleiros de saúde das outras comunidades autónomas, directivos da Consellería de Sanidade e do Ministerio de Sanidad. Ademais, hai reunións establecidas desde as distintas áreas da Consellerías con todos os axentes implicados, resto de consellerías, Fegamp e axentes sociais e económicos.

En canto á prevención, é preciso lembrar que Galicia adoptou unha serie de medidas preventivas especiais en materia de Saúde Pública co obxectivo de manter unhas boas prácticas de prevención e contención da enfermidade.

Entre as medidas, destaca a limitación a 1 persoa como acompañante do paciente durante a estadía no centro (sexa atención primaria ou hospitalaria) e recoméndase que a idade do acompañante non exceda dos 70 anos. En todo caso, non deben acudir aos centros sanitarios se presentan síntomas de infección respiratoria, febre ou procedan de zonas ou lugares considerados de risco.

Con respecto da asistencia sanitaria, acordouse a realización na medida do posible de sistemas de consulta telefónica, *e-consulta* e visita domiciliaria que faciliten a atencións aos doentes sen necesidade de acceso aos centros.

No que atinxe ás oficinas de farmacia, acordouse a entrega excepcional de medicación a domicilio por parte dos farmacéuticos, co fin de que os pacientes illados poidan ter a súa medicación sen desprazamento á farmacia. Así mesmo, a medicación hospitalaria poderá entregarse de forma directamente no domicilio do paciente evitando o desprazamento do paciente ao centro sanitario.

Actuacións de saúde pública

Desde a Dirección Xeral de Saúde Pública elaboráronse protocolos de manexo do caso, de toma de mostras a domicilio e de limpeza extrahospitalaria e hospitalaria. Tamén hai protocolos de reordenación asistencial dos espazos nos diferentes servizos de cara ao illamento dos pacientes positivos, modificación de quendas e estrutura das xefaturas de garda, así como grupos de traballo para definir criterios de ingreso.

Tamén se elaboraron indicacións para a prestación de atención domiciliaria aos afectados a través do sistema de teleasistencia co fin de ter ao paciente monitorizado e controlado polo seu médico de atención primaria.

Recursos humanos, materiais e de compras

En todas as áreas sanitarias dispónse de equipos diagnósticos para a detección precoz por PCR permanecendo operativos en todas as áreas de luns a domingo e de 8,00 a 22,00 horas. Co obxecto de evitar desprazamentos aos centros sanitarios de persoas sensibles ou con síntomas, estableceuse en todas as áreas un dispositivo de recollida de mostras operativo de luns a domingo no mesmo horario.

Reforzouse o persoal no ámbito das urxencias hospitalarias, servizos de medicina interna e unidades de críticos; así como a creación de equipos hospitalarios de atención domiciliaria necesarios para extracción de mostras e para o seguimento de pacientes no seu domicilio.

Tamén no 061 realizouse un incremento de persoal para os próximos 4 meses na Central de chamadas e realizouse un reforzo da liña 900 para desconxestionar a situación xerada pola acumulación de chamadas para un período de 4 meses.

En materia de compras tramitáronse dous expedientes de compra de material. Un deles por valor de 1,82 millóns de euros e outro por valor de 1,23 millóns de euros para toda a rede hospitalaria galega de unidades de ventilación non invasiva, ventiladores volumétricos, ventiladores de transporte, equipos portátiles de raios X. Tamén se inclúen biombos para os mostradores de atención ó público, adquisición de kits de diagnóstico (PCR), máscaras, luvas, batas, desinfectante, etc.

Medidas adoptadas de información no ámbito sanitario

Entre as actuacións no eido da información e comunicación no ámbito sanitario, destaca a posta en marcha dun número gratuito de información do coronavirus, 900 400 116, destinado a toda a cidadanía que teña dúbidas e para consultar sintomatoloxía leve. Para os profesionais sanitarios está habilitado un teléfono específico.

Está habilitado tamén un autotest para que a poboación poida consultar síntomas de forma individual a través da web e solventar dúbidas en relación co coronavirus. Trátase dun método áxil para obter información actualizada e avalada por profesionais

sanitarios. Tamén funciona un portal de información específico con toda a información dispoñible, a posibilidade de elaborar o autotest, preguntas frecuentes, contactos, protocolos e todo tipo de material audiovisual.

Ademais, entre as medidas de difusión e de información están a elaborarse infografías, carteis, vídeos informativos e de recomendacións con distribución a través das redes sociais e remisión a todos os departamentos da Xunta de Galicia e outras entidades para a súa difusión. Tamén se traballa para a publicación de recomendacións de interese xeral nos medios de comunicación e na páxina web.

Medidas adoptadas de contención nos servizos sociais

Así mesmo, os esforzos nos últimos días puxeron o foco en evitar os contaxios nos centros de servizos sociais. Desta maneira, en residencias de maiores ou persoas con discapacidade restrinxíronse as visitas e suspendéronse os novos ingresos, agás nos casos derivados polas autoridades sanitarias. Noutros, como nos centros sociocomunitarios, nos centros de día para maiores e para persoas con discapacidade e nas escolas infantís e outros espazos de atención primaria suspendeuse toda actividade.

Pola súa banda, cancelouse o servizo presencial dos puntos de encontro familiar, nos centros de asesoramento á xuventude e nas unidades de atención temperá para a infancia con discapacidade. Nesta liña, suspendéronse os permisos e as saídas para os menores que residen en centros de protección ou de reforma

Ademais destas medidas de continxencia, blindáronse os servizos esenciais para a atención de persoas sen fogar, tales como albergues, cociñas económicas e comedores sociais e centros de atención social continuada, con recomendacións e medidas para garantir que os seus servizos se presten en condicións de seguridade. Tamén se avogou pola continuidade do Servizo de Axuda no Fogar, que garante unha atención básica (como hixiene, alimentación ou seguimento das pautas de medicación) para as persoas maiores.

Ámbito económico e laboral

No ámbito económico e laboral, e co obxectivo de que as medidas que se poñan en marcha dean resposta ás principais preocupacións e necesidades actuais, apostouse polo diálogo coa constitución dun grupo de traballo no que participan o tecido empresarial e os axentes sociais.

Así actúase, en primeiro lugar, desde a prevención, xa que a prioridade é a saúde das persoas traballadoras. Elaborouse, por exemplo, unha guía de medidas preventivas -e tamén unha guía específica para supermercados e tendas de alimentación- e unha circular para empresas distribuidoras de enerxía, co obxectivo de garantir a subministración e a saúde dos traballadores.

En segundo lugar, establecéronse medidas en materia empresarial e laboral, permitindo a liberdade horaria dos establecementos de primeira necesidade e promovendo iniciativas pensadas para beneficiar a traballadores, autónomos e pemes.

Reforzo da educación en liña

No eido educativo, véñense de reforzar as ferramentas en liña no ensino para asegurar a atención ao alumnado durante o período de suspensión da actividade educativa presencial. Trátase das páxinas web e aulas virtuais dos centros, así como da aplicación EspazoAbalar-AbalarMóbil como canle de comunicación coas familias. Ademais os 27.000 alumnos incorporados ao programa Edixgal seguen empregando os libros dixitais do mesmo xeito que nas clases presenciais. No que atinxe ao profesorado, elaborouse un documento con directrices para o exercicio do teletraballo.

No eido da Formación Profesional cómpre lembrar que están suspendidas as prácticas nos centros de traballo. No caso concreto da FP Dual, desde a Consellería déuselles a posibilidade ás empresas e ao alumnado de reprogramar as actividades. No que atinxe á investigación universitaria, xa en febreiro se lles comunicou aos investigadores que realizan o seu labor no estranxeiro co apoio da Xunta e que se visen afectados polo peche de universidades ou centros de investigación que podían regresar a Galicia sen penalización.

Emerxencias e interior

No ámbito de interior e emerxencias trasladouse aos seus concellos de procedencia ao alumnado da 12ª promoción de policía local -máis de 150 persoas, a promoción máis grande da historia da academia- para iniciar xa o seu período de prácticas.

Redución do transporte público

O Goberno galego distribuíu un protocolo de recomendacións para a prevención do contaxio transporte público e aprobou e publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde que establece a redución de, polo menos, o 50% da oferta de servizos de autobús interurbano. Ademais, de acordo co establecido polo Ministerio de Transportes límitase a un terzo da súa capacidade a ocupación dos vehículos e se establece a obriga de que nos vehículos a pé cada viaxeiro dispoña dun espazo de, polo menos, un metro cadrado. Así, contribúese ao cumprimento das medidas de prevención que limitan a mobilidade e, ao mesmo tempo, garántense as necesidades de desprazamento dentro dos supostos permitidos.

Auga e conservación de estradas

Adoptáronse medidas, tamén, para blindar o abastecemento de auga á poboación e o saneamento de augas residuais, na medida en que se trata de servizos esenciais á poboación; do mesmo modo que se deron as instrucións necesarias para asegurar o

mantemento das boas condicións de circulación nas estradas de titularidade autonómica a través dos servizos de conservación, así como para previr contaxios nas autoestradas de peaxe.

En relación coas obras públicas, e tendo en conta que non é unha actividade suspendida polo Real Decreto que establece o estado de alarma, a Xunta acordou coa Federación Galega da Construción, así como cos colexios profesionais de Arquitectos e de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, mantelas en marcha sempre que sexa posible facelo nas actuais circunstancias e cumprindo os protocolos de prevención e seguridade.

Medio Rural e Mar

Ademais, a Xunta mantén unha comunicación continua cos sindicatos, coas organizacións e coas asociacións do medio rural, a efectos de coordinar e colaborar na adecuada resposta ás distintas cuestións suscitadas entre os agricultores, gandeiros e silvicultores. Do mesmo xeito, mantéñense contactos cos responsables das principais cadeas de distribución en Galicia, co fin de garantir o abastecemento de produtos agrícolas e gandeiros na nosa comunidade. Neste aspecto da comunicación co sector agrario e coa cidadanía en xeral, tamén se reforzou a atención telefónica e en liña cos cidadáns, ofrecendo alternativas de comunicación vía telefónica, a través dun formulario de contacto online coa consellería e tamén coa publicación dun documento de preguntas e respostas para resolver as dúbidas máis recorrentes.

No eido do mar, e tendo en conta que a extracción, produción, transformación e comercialización de produtos pesqueiros non están incluídas entre as actividades prohibidas pola declaración do estado de alarma ao tratarse de labores destinados ao subministro de alimentos, a Xunta remitiu aos representantes do sector distintas recomendacións para que poidan desenvolver o seu traballo en condicións de seguridade e evitar así os contaxios e a propagación da enfermidade.

Co obxectivo de facilitar o traballo do sector, o Executivo galego tamén adoptou outras medidas como a prórroga automática do despacho dos buques ata que remate o estado de alarma, a extensión da vixencia das autorizacións para a extracción marisqueira ata o 30 de abril ou a decisión de que aqueles profesionais do marisqueo máis vulnerables á enfermidade, ou que que teñan menores ou maiores ao seu cargo, poidan quedar na casa sen que esa inactividade os penalice á hora de renovar o seu permiso de explotación.

Medio Ambiente

Entre as principais medidas adoptadas no ámbito do medio ambiente, cómpre subliñar que desde o 16 de marzo quedaron restrinxidas as actividades de uso público no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas, tales como o desembarque e as



actividades recreativas. Poderán acceder os veciños das illas, o persoal do Parque Nacional no desempeño das súas funcións, ou a pesca e o marisqueo profesional.

En materia de pesca e caza, suspendeuse a venda de permisos de pesca fluvial e habilitarase un procedemento de devolución das taxas correspondentes aos permisos xa emitidos para pescar nalgunha das datas de vixencia do actual estado de alarma; e estableceuse a prohibición temporal de todas as accións de caza colectiva no territorio da Comunidade, agás autorizacións excepcionais por razóns de prevención dos accidentes de tráfico, danos á agricultura ou á gandaría e riscos en sanidade animal ocasionados por especies cinexéticas, especialmente polo xabaril.

En canto ao protocolo para a xestión de residuos, desde o complexo medioambiental de Sogama en Cerceda, que presta servizo a 295 concellos galegos, garántese a recepción e tratamento dos residuos urbanos.

Suspensión dos trámites administrativos

Durante esta crise sanitaria, quedan suspendidos os prazos administrativos de tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Os prazos reiniciaránse no momento en que perda vixencia o acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop) polo que se decretou a emerxencia sanitaria. En calquera caso, cómpre recordar que a sede electrónica segue operativa e que a cidadanía poderá consultar o estado do seu expediente na súa carpeta cidadá.

No caso dos procedementos dos que xa rematou o prazo de presentación de solicitudes continuarase coa súa tramitación e poderán resolverse segundo o previsto, e tamén seguirán o seu trámite os presentados e con prazo de presentación aberto.

Cómpre destacar que, ademais de suspenderse os prazos para anotarse en oposicións, tamén se suspenderon os exames dos procesos selectivos por un prazo mínimo de dous meses, unha decisión que se toma por razóns sanitarias e para ofrecer seguridade ás persoas que están participando neses procesos e que xa saben que non terán probas nos vindeiros meses.

Protocolo para o persoal público, teletraballo e atención á cidadanía

Aprobouse un Protocolo de actuación para o persoal empregado público, que recolle medidas de protección e recomendacións específicas para facer fronte a posibles continxencias. O documento tamén permite que persoal especialmente sensible poida ausentarse do seu posto de traballo se hai unha recomendación sanitaria que así o indique; e medidas para xeneralizar a posta en marcha do teletraballo. Ademais, tamén se estableceron medidas preventivas para aquel persoal que leva a cabo tarefas esenciais, e que non poden ausentarse ou teletraballar. A nivel de infraestruturas, instaláronse dispensadores de xel en complexos administrativos e unidades xudiciais e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

reforzáronse as medidas de limpeza. En xustiza, seguíronse as recomendacións do Ministerio de Xustiza para fixar o persoal mínimo que debe atender tales servizos.

Ante a aposta polo teletraballo na Administración autonómica, a Xunta puxo en marcha un Plan de continxencia TIC para asegurar a dispoñibilidade dos medios dixitais, a atención aos usuarios e o mantemento, soporte e seguridade das infraestruturas tecnolóxicas da Administración autonómica.

Para facilitar o teletraballo activáronse, desde o pasado venres 13 de marzo, máis de 7.600 conexións remotas ao posto de traballo, que se suman ás 900 existentes. As novas altas realízanse en función das prioridades indicadas por cada consellería e en paralelo estanse a activar de oficio as restantes. O obxectivo é facilitar esta ferramenta a todos os empregados públicos da Administración xeral autonómica que dispoñen de PC no seu posto de traballo, para que poidan conectarse de xeito remoto e atender ás directrices da organización do traballo indicadas por cada departamento.

Ademais, no ámbito xudicial todos os xuíces, fiscais e forenses dispoñen de equipos portátiles corporativos e estanse a activar novas conexións en remoto de xeito progresivo para todos os xuíces, fiscais, forenses e letrados, que non dispoñan delas e estanse a instalar, tamén, solucións de videoconferencia persoal aqueles que non as tiñan.

Ante o aumento de chamadas ao teléfono de atención e información á cidadanía (012), apostouse por reforzar este servizo incrementando os seus recursos humanos en máis dun 30%. Tamén se reforzou o dispositivo de persoal que se ocupa dos chamamentos para realizar substitucións na Función Pública, con fin de garantir o normal funcionamento dos servizos públicos e, nomeadamente, os servizos sociais

Ordenación ante as restricións no aloxamento turístico

No caso concreto do Camiño de Santiago, a Xunta anticipou o peche dos albergues públicos e a habilitación das instalacións do Monte do Gozo como lugar de aloxamento provisional de peregrinos en tránsito que non dispoñan doutros medios de regreso ou estadia. En colaboración cos hospitaleiros dos establecementos da Xunta, concellos, asociacións de amigos e Igrexa, acadouse a normalización da Ruta Xacobeana sen incidencias relevantes.

Agora, tras decretar o Goberno central o peche ordenado dos aloxamentos privados, anticipámonos e contactamos xa con todos os establecementos para garantir o seu correcto desenvolvemento, determinar o seu nivel de ocupación e analizar circunstancias extraordinarias que impliquen a imposibilidade do regreso dos hóspedes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En canto aos equipamentos culturais, malia que dotacións como museos, arquivos, bibliotecas ou oficinas de turismo se atopan pechadas, seguen a ofrecer contidos e recursos a través das súas plataformas dixitais e redes para achegar a cultura á cidadanía, facilitar visitas online e abrir os fondos dispoñibles en ámbitos como o audiovisual, a música, o préstamo de obras en formato electrónico das nosa bibliotecas públicas a través de *GaliciaLe* ou de recursos didácticos en galego.



A XUNTA HABILITA UN PLAN DE REFORZO PARA GARANTIR A ATENCIÓN E PROTECCIÓN DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DURANTE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA

- *Mantense operativo o servizo do teléfono de atención a muller (900 400 273), así como o asesoramento xurídico en liña, e séguese prestando, por vías telemáticas, o asesoramento psicolóxico, tanto para vítimas de violencia de xénero como sexual*
- *Mantéñense operativos aqueles servizos administrativos de carácter esencial para as vítimas, como o pago de axudas económicas ou o bono de alugueiro social*
- *O bono de alugueiro social poderá ampliarse ata chegar a asumir a Xunta o pagamento do 100% do alugueiro durante 1 mes*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Secretaría Xeral da Igualdade que dá conta do Plan de reforzo para garantir a atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero durante a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus.

Por unha banda, mantense operativo o servizo do teléfono de atención a muller (900 400 273), activo 24 horas e ao que se derivan as chamadas galegas ao 016; así como o asesoramento xurídico en liña. Seguirase prestando, por vías telemáticas, o asesoramento psicolóxico, tanto para vítimas de violencia de xénero como sexual.

Tamén se manteñen operativos -en liña, por teléfono ou por correo electrónico- aqueles servizos administrativos de carácter esencial para as vítimas, como poden ser o pago de axudas económicas ou o bono de alugueiro social, entre outros.

De feito, o bono de alugueiro social que a Administración galega ten a disposición das vítimas de violencia de xénero poderá ampliarse ata chegar a asumir a Xunta de Galicia o pagamento do 100% do alugueiro durante 1 mes, para mitigar o impacto económico que o estado de alarma declarado poida ter sobre as vítimas.

En canto á cobertura das necesidades de acollida, o Centro de Emerxencia de Vigo, adscrito á Xunta, funcionará con normalidade ata completar capacidade pero, durante o período de alarma, non se aceptarán ingresos procedentes doutras comunidades autónomas. Ademais, proporase a mesma solución para os centros de acollida de titularidade municipal e para os de iniciativa social: continuar a acollida ata completar capacidade. En caso de que se precisasen máis prazas de acollida, destinaranse hostais ou pensións para acollemento temporal dentro do acordo acadado entre a Xunta de Galicia e as Federacións de empresas hoteleiras; as instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública que conta con cuartos habilitados; ou as instalacións das Residencia de Tempo libre de Panxón e do Carballiño. En todos estes casos constituiríanse grupos de intervención e apoio psicolóxico, social e de asesoramento xurídico.

A XUNTA APROBA UN PAQUETE DE MEDIDAS PARA GARANTIR O FINANCIAMENTO NECESARIO ÁS PEMES E AUTÓNOMOS ANTE OS EFECTOS DO CORONAVIRUS

- *A primeira das iniciativas acordadas no Consello da Xunta de hoxe permite aprazar o pago das cotas de amortización e xuros –correspondentes ao primeiro semestre do ano– dos préstamos formalizados a través de Igape e XesGalicia e que están a mobilizar 265 millóns de euros*
- *Tamén se aproba unha liña de financiamento a través de préstamos que mobilizará 250M€ no tecido empresarial galego, axudando deste xeito ás pequenas e medianas empresas e ao colectivo autónomo a facer fronte aos gastos contraídos*
- *Destínanse 10M€ para financiar as necesidades de reestruturación produtiva das empresas galegas que decidan acometer a fabricación de material para poder combater o coronavirus*
- *Como medida complementaria, ata o día 27 se poderán presentar na Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de Gain, propostas innovadoras para dar resposta á situación provocada polo COVID-19*

O Consello da Xunta aprobou hoxe tres liñas de financiamento para apoiar as pemes e os autónomos fronte ao impacto que está a ter o COVID-19 na actividade económica e para permitir ao tecido empresarial galego a súa reestruturación produtiva no caso de que decida acometer a fabricación de material para combater esta enfermidade.

Nesta liña, o Consello aprobou hoxe, en primeiro lugar, o aprazamento das cotas de amortización e xuros da liquidación do primeiro semestre do ano dos préstamos formalizados coa Xunta de Galicia –a través do Igape e XesGalicia–, de forma que estas cantidades se poidan devolver ao vencemento final actual dos préstamos. Uns préstamos que, no seu conxunto, suman 265 millóns de euros.

Así mesmo, para inxectar de inmediato a liquidez necesaria a autónomos e pemes, aprobarase unha liña de financiamento a través de préstamos que permitirá mobilizar no tecido empresarial galego 250M€. As contías irán destinadas a cubrir os gastos contraídos por pemes e autónomos entre xaneiro e marzo cando non teñan posibilidade de facerlle fronte. Esta iniciativa sempre quedará condicionada ao que finalmente aprobe o Estado; é dicir, a Xunta activa agora este mecanismo de liquidez, ata que o Goberno poña en marcha as súas liñas de financiamento. O obxectivo é dar unha solución inmediata mentres non se aproban as liñas de financiamento estatais.

Á estas dúas liñas de financiamento, a Xunta, a través do Igape, engade unha terceira de 10M€ para cubrir as necesidades de reestruturación produtiva das empresas galegas que decidan acometer a fabricación de elementos útiles e necesarios para poder combater o coronavirus. En concreto, esta liña financiará tanto investimentos como circulante, e as empresas deberán dar resposta coa produción de equipos como, por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

exemplo, téxtiles sanitarios, equipos de protección individual (EPIs) e materiais para respiradores.

Xunta con isto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), tamén activa unha chamada para a identificación das capacidades do sistema galego de innovación no eido do coronavirus. Búscanse solucións innovadoras que se poidan desenvolver de xeito inmediato ou que estean próximas á súa implementación. Entre outras cousas, dispositivos de intervención ou tratamento, solucións para fabricación de ventiladores ou equipos de protección individual.

Esta *call* está aberta ata o próximo venres día 27 de marzo. Unha vez recibidas as propostas –ás que se poden presentar todos os axentes do sistema galego de I+D+i–, a Axencia Galega de Innovación realizará unha primeira selección para atopar solucións de interese, dispoñendo posteriormente dos fondos que sexan necesarios para a súa execución.

A XUNTA IMPULSA DOUS PLANS DE REACTIVACIÓN E IMPULSO DAS INDUSTRIAS TURÍSTICAS E CREATIVAS DURANTE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA

- *Prevé un investimento de 25 M€ en distintas liñas de acción co fin de favorecer a súa pronta recuperación a o mantemento do emprego*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería de Cultura e Turismo que dá conta da reestruturación dos seus créditos orzamentarios co obxectivo de impulsar dous plans para a reactivación e impulso das industrias turísticas e creativas durante a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus. En concreto, prevé un investimento de 25 millóns de euros en distintas liñas de acción co fin de favorecer a súa pronta recuperación a o mantemento do emprego, que representa o 14% do total da Comunidade.

No que atinxe ao turismo, prevé un reforzo das accións de promoción, o deseño de novos produtos especializados e axudas directas ao sector, entre outros. Entre as propostas en deseño dirixidas ao sector cultural, reforzarase a orientación do Xacobeo 2021 como ferramenta de recuperación económica e produtiva do tecido propio, así como o incremento na dotación das redes profesionais e fondos dirixidos tanto a produción como a distribución.



A XUNTA REALIZA UNHA NOVA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO POR VALOR DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA ATENDER O INCREMENTO DA INCIDENCIA DO COVID-19

- *Adquire 45 ventiladores volumétricos, un equipo portátil de raios X e 916 pantallas de protección para traballadores de atención ao público*
- *Trátase dunha compra tramitada polo procedemento de emerxencia e os equipos serán entregados no prazo máximo dun mes*
- *Este equipamento, para facer fronte ao incremento de incidencia do COVID-19, súmase á anterior contratación doutros equipos por valor de 1,82 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o expediente de emerxencia para a adquisición de ventiladores volumétricos, un equipo portátil de raios X para hospitais así como biombos para instalar nos mostradores de atención ao público dos centros do Servizo Galego de Saúde. O valor estimado é de 1.232.806,69 € con IVA. A entrega do equipamento será no prazo máximo de un mes.

En concreto inclúe a compra de 45 ventiladores volumétricos, dos cales 8 unidades irán destinados ás unidades de coidados intensivos e outros 37 están destinados para fóra das UCI, fundamentalmente camas de REA que xa dispoñen de dotación de monitorización. A licitación para a adquisición deste equipamento ascende a 964.210,89 €.

O Goberno galego tamén adquirirá un equipo de raios X para a realización de imaxes radiolóxicas ao paciente illado coa finalidade de evitar o seu traslado a outras salas do hospital. O importe ascende a 96.800,00 €.

Na actualidade, a situación en Galicia é de desenvolvemento da fase de expansión do COVID-19, o que obriga a realizar un incremento de recursos humanos e materiais. Por iso, tras un estudio de previsión de novas necesidades propostas nesta fase de expansión das camas de UCI fóra desta unidade, establécense os recursos necesarios para a xestión desta pandemia.

Ademais, autorizouse a contratación de 916 pantallas de protección para traballadores de atención ao público, que estarán instaladas entre hoxe e os primeiros días da semana que vén, por valor de 171.795,80 €. É necesaria a implementación de biombos enriba dos mostradores que actúen como barreira física entre a persoa usuaria e o profesional nos centros de saúde, consultorios de atención primaria, servizos de admisión de urxencias en hospitais e puntos de información e citación para evitar a exposición de pacientes que presenten síntomas de posible infección por enfermidades de transmisión por vía respiratoria.

Súmanse aos outros equipos xa adquiridos

O Servizo Galego de Saúde xa dedicou 1,82 millóns de euros á adquisición de equipos para a atención de pacientes que poidan resultar infectados polo coronavirus. Este equipamento reforzou a atención en todos os hospitais da rede.

En concreto, adquiríronse 34 unidades de ventilación non invasiva, destinada á entrada dos pacientes en urxencia de adultos de todos os hospitais incluídos os comarcais, adquiríronse 27 ventiladores volumétricos para as unidades de críticos, e 7 unidades de ventiladores para o transporte dos pacientes dende os hospitais comarcais ás unidades de referencia. Tamén 6 novos equipos portátiles de raios X, para a realización de imaxes radiolóxicas dos pacientes illados en urxencias.

A XUNTA ACTIVA UN PLAN DE INVESTIMENTOS NA SANIDADE PÚBLICA POR 51,5 M€ PARA ATENDER O INCREMENTO DA INCIDENCIA DO CORONAVIRUS

- *Recolle a decisión de converter a todos os MIR de último grao en adxuntos médicos especialistas de área*
- *Galicia solicita máis de 250 equipos de ventilación, 13 de radioloxía portátil e 50 camas de hospitalización*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería de Sanidade no que se dá conta do Plan de investimentos COVID-19 na Comunidade Autónoma, cunha dotación de 51,5 millóns de euros, para atender o incremento da incidencia do coronavirus.

Todas as necesidades para reforzar os equipos de detección, os recursos humanos nos hospitais e no O61 e os profesionais na área de Saúde Pública atópanse no informe elaborado polo Comité de expertos para o seguimento do coronavirus.

Así mesmo, o plan recolle a decisión de converter a todos os MIR de último grao en adxuntos médicos especialistas de área. Un total de 158 médicos que se converten en persoal do Sergas cun contrato de facultativo especialista de área, aos que se suman 31 enfermeiros que tamén están finalizando a súa formación.

Cabe lembrar que Galicia tiña comprado xa parte do material e que debería enviar o Ministerio de Sanidade logo de centralizarse a súa compra –como equipos de protección, desinfectante, guantes e mascarillas de distinto tipo–, ademais de ter solicitado máis de 250 equipos de ventilación, 13 de radioloxía portátil e 50 camas de hospitalización.

A XUNTA DESEÑA UN PLAN SOCIAL DE CONTINXENCIA PARA REFORZAR A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA, ÁS PERSOAS MAIORES OU CON DISCAPACIDADE E ÁS PERSOAS SEN FOGAR DURANTE A EMERXENCIA SANITARIA

- *Farase un seguimento telefónico ás persoas maiores ou con discapacidade usuarias dun centro de día ou ocupacional*
- *Ponse en marcha o teléfono social (900 400 800) para complementar o que xa existe para resolver consultas relacionadas co coronavirus*
- *Lánzase un sistema de atención a domicilio extraordinario, para aqueles fogares nos que se detecte unha situación de emerxencia social*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería de Política Social que dá conta do Plan social de continxencia deseñado polo Goberno galego para afrontar as consecuencias que ten a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus en ámbitos como a atención á dependencia, o coidado das persoas maiores ou con discapacidade sen unha rede familiar de apoio ou a protección ás persoas sen fogar. Este mércores reclamou ao Goberno central que achegue canto antes o financiamento necesario para implantar estas medidas e que o faga de xeito urxente.

Dentro deste Plan social de continxencia inclúense inicialmente tres medidas. A primeira delas é un sistema de seguimento telefónico diario ás persoas maiores ou con discapacidade que son usuarias dun centro de día ou ocupacional e que nestes momentos están na súa casa, debido á suspensión das actividades destes centros. Ademais, ás persoas que o necesiten repartiráselles no seu domicilio a comida para todos os días da semana. Este sistema de seguimento e reparto de comida xa se puxo en marcha esta mesma semana.

En segundo lugar, ponse en marcha o teléfono social (900 400 800) para complementar o que xa existe para resolver consultas relacionadas co coronavirus. Neste teléfono atenderanse persoas con dúbidas básicas da vida cotiá nesta situación, persoas que necesiten conversa ou acompañamento, persoas que precisen atención psicolóxica especializada e persoas que estean nunha situación de necesidade ou especial vulnerabilidade.

Por último, en terceiro lugar, lanzarase un sistema de atención a domicilio extraordinario, para aqueles fogares nos que se detecte unha situación de emerxencia social. A detección farase da man dos servizos sociais básicos. As familias que o necesiten recibirán apoio profesional a domicilio ou un servizo de comida na casa.